



CURSO 2020-2021

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

MATERIA: ANTROPOLOXÍA

CURSO: 1º BAC

CONTIDOS

Bloque 1: A Antropoloxía como saber
Bloque 2: Antropoloxía física: hominización e humanización
Bloque 3: Antropoloxía cultural
Bloque 4: Antropoloxía social
Bloque 5: Antropoloxía filosófica.

Na páxina web do Centro no apartado correspondente ao Departamento de Filosofía aparece o detalle destes contidos tal e como se recolle no DOG nº 136 do martes 21 de xullo de 2015 (páx. 30366 a 30372)

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As probas son o instrumento básico de cualificación, pero na avaliación final tamén o son o traballo ao longo do curso, as cualificacións das avaliacións anteriores e a participación na clase.

Dado o carácter desta disciplina, esta debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista transversal e práctico. Seguirase o guión da lexislación para ir traballando os diferentes contidos da materia a través dos estándares correspondentes. Inclúense prácticas de traballo individual e cooperativo. Os traballos versarán fundamentalmente sobre a presentación de contidos da materia a partir dos estándares de avaliación e servíndose de instrumentos de información e investigación coma artigos, vídeos, documentais, lecturas ou películas relacionadas con aspectos curriculares da materia. Non hai libro de texto e os materiais de traballo serán proporcionados polo profesor na aula ou ben a través da páxina web do centro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxillao/node/869>

Voluntariamente, farán un traballo trimestral na casa, sobre un tema do programa e que servirá para sumar ata 3 puntos sobre a cualificación do exame (sempre que o alumno teña acadado un 7 na proba escrita) ou ben será o instrumento fundamental de cualificación de repetirse a situación do pasado mes de marzo (en tal caso o traballo perde a condición de voluntario e tórnase obrigatorio).

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade virán condicionadas polas necesidades dos alumnos e establecidas polo Dpto de Orientación do Centro que dará as indicacións pertinentes ao profesor da materia para adoptar as medidas que conveñan en cada caso. Nas actas do Dpto fanse constar esas medidas, de ser o caso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Non aplica

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación é continua. Os alumnos teñen unha proba escrita en cada trimestre na que se comproba a consecución dos diferentes estándares de avaliación.

Deben asistir obrigatoriamente a elas para ser cualificados, deben asistir puntualmente (non máis aló dos 15 minutos do comezo), e se non é o caso deberán xustificar documentalmente a súa ausencia.

As datas das probas son as publicadas na web. <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxillao/node/870>

Os alumnos coñecen dende o mesmo comezo do curso estas datas, polo que non deberían ter motivos para non estar en condicións de realízalas, agás enfermidade grave ou imprevistos e/ou causas de forza maior.



Como norma xeral, as probas obedecerán á comprobación da consecución de diferentes estándares de aprendizaxe traballados na aula e o alumnado poderán contar co material de traballo que tivera sido empregado para as diferentes actividades do trimestre para a realización da proba. Cada proba será cualificada sobre 10 e nela farase constar o criterio de cualificación.

AVALIACIÓN FINAL

No remate do curso e atendendo á avaliación continua a cualificación ordinaria se calcula atribuíndo unha porcentaxe á cualificación de cada unha das avaliacións: 30% para a cualificación da primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira.

Terase en conta, igualmente, ao remate do curso, a actitude amosada ao longo do curso cara a materia ata un máximo de dous puntos.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na cualificación extraordinaria de setembro só se terá en conta a cualificación obtida polo alumno na proba, que obedecerá ao modelo de probas realizadas no curso.

PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

Toda a información relativa á materia está na páxina web do Centro.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesanxillao/node/396>

En Lugo, a 24 de setembro de 2020

O/A profesor/a

Asdo: Ana I. Besteiro Hermida

NOTA: De producirse algún erro ou algunha modificación sobre o que aquí está escrito, a súa corrección será notificada ao alumnado na aula e publicada na páxina web no Centro no mesmo lugar en que aparece publicado este resumo.